

Breve nota biográfica (centrada nas actividades de divulgación)

Xurxo Mariño Alfonso (Lugo, 1969) é biólogo e Doutor en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago de Compostela (1998), profesor do Departamento de Medicina da Universidade da Coruña e imparte materias en centros universitarios da Coruña, Ferrol e Santiago. É membro da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do Consello da Cultura Galega.

Especializado en neurofisioloxía, fai parte do grupo de investigación Neurocom da UDC, así como de varias sociedades científicas estatais e internacionais. Ten publicado traballos de investigación en prestixiosas revistas especializadas e colaborado co Massachusetts Institute of Technology (MIT).

Realiza múltiples actividades de divulgación do coñecemento científico, procurando ademais a interacción co mundo das humanidades. Ten publicado os libros "Os dados do reloxeiro. Ciencia amena para mentes inquietas"(Consello da Cultura Galega, 2005), "Po de estrelas" (Consello da Cultura Galega, 2008) e "Neurociencia para Julia" (Laetoli, 2012); colabora, entre outros, co portal Culturagalega.org na sección ADN e coa web de divulgación Naukas.com; organiza por toda Galicia os "Café-teatro-científicos", unha amena actividade divulgativa que leva a ciencia ata os bares; e desenvolve outras actividades de divulgación como os "Discurshows" – unha mestura de charla e teatro–, ou os "monólogos" do espazo de ciencia e tecnoloxía da TVG "Conexións". No ano 2011 levou o Premio Especial do Xurado do "I Certamen FECYT de Comunicación Científica".

Respecto á charla, e pensando no obxectivo último de afondar en como pode a neurociencia facer aportacións á epistemoloxía e á educación, tocarei os seguintes temas:

A noción de "verdade" en ciencia e a intelixibilidade do mundo. A metodoloxía científica e o alcance das achegas da ciencia. O coñecemento científico e a neurociencia: a metáfora computacional. Algunhas limitacións do modelo actual. O "problema" mente-corpo e o materialismo non reduccionista. O encéfalo como unha máquina de realidade virtual. A relación entre razón e emocións. O problema dos niveis de descrición á hora de buscar ligazóns entre neurociencia e psicoloxía. Procesamento da información no sistema nervioso: computación local e computación distribuída. Conexións funcionais, sincronización e consciencia. Aprendizaxe e emocións.

Se non nos da tempo na charla, seguimos durante a cea...